

VIDEO DIXITAL

INTRODUCCIÓN

O sinal de vídeo ten a súa orixe na conversión de variacións de intensidade de luz por cambios na corrente eléctrica. Para conseguir a sensación de movemento, é necesario que o sinal se reproduza cunha determinada frecuencia, que dependerá do sistema utilizado. En Europa (excepto Francia SECAM) utilízase o sistema PAL. Na grande parte de América o sistema NTSC.

SISTEMAS DE VIDEO

O sinal de vídeo pode ser analóxico ou dixital. O vídeo dixital presenta as seguintes vantaxes con respecto ao analóxico:

- 1.- No sistema de vídeo dixital, a calidade da imaxe é totalmente independente do medio, só depende do proceso de dixitalización. No sistema de vídeo analóxico depende de factores como a calidade da cinta, o reprodutor...
- 2.- O vídeo dixital utiliza as tres cores primarias RGB (RedGreenBlue). Isto permite que as cores da imaxe sexan máis puras e exactas.
- 3.- No sistema de vídeo dixital pódense facer copias sen perda de calidade.

FONTES DE VIDEO

Cámaras dixitais

FORMATO	SOPORTE DE GRAVACIÓN	TRANSFERENCIA DO VÍDEO
Mini DV e Digital8	Cintas Mini DV ou Digital8	Conéctase ao ordenador cun cable fireware
DVD	Discos mini DVD	O mini DVD lese no lector do ordenador
Disco duro e tarxeta de memoria	Disco duro interno ou tarxeta de memoria extraíble	Conéctase ao ordenador cun cable USB ou fireware. Extracción da tarxeta de memoria

Web Cam

Captura de vídeo en vivo. Conéctase ao ordenador polo porto USB.

Outros

Capturadoras de TV, cámaras fotográficas, móbiles...

SOFTWARE DE EDICIÓN DE VIDEO

Windows Movie Maker. O sistema operativo Windows trae esta sinxela ferramenta.

Pinnacle Studio. Privativo. Ofrece prestacións profesionais.

OpenShot. Para linux.

Outros: as videocámaras e as gravadoras soen traer software. Power Producer, Sony Vegas, Nero Vision ...

FORMATOS FINAIS DE VÍDEO

FORMATO	DESCRIPCIÓN
AVI	Creado por Microsoft. Necesita moito espazo de almacenamento. Un dos máis utilizados.
MPEG	Moi popular. Moi boa compresión.
MOV	Películas cortas de gran calidade. Creado por Apple. Moito espazo de almacenamento.
DV	Formato estandar de gravación das cámaras de vídeo dixitais.
VCD	Formato para reproducir na maioría dos reprodutores domésticos.
RMV	Vídeo e Audio en tempo real (streaming) utilizado en internet.
WMV	Creado por Microsoft.


A EDICIÓN DE VIDEO

Na actualidade é común a gravación de vídeos caseiros mediante unha cámara dixital, unha webcam ou un móbil. A edición de vídeo é o proceso polo que se modifican os vídeos orixinais co fin de mellorar a súa aparencia. As etapas fundamentais do proceso de edición son tres:

- 1.- **Captura e importación de vídeo.** Captura é a transferencia da información de vídeo do dispositivo ao programa específico. Importación é a transferencia da información do ordenador ao programa específico.
- 2.- **Edición e montaxe do vídeo.** Consta de varios procesos como son a montaxe e recorte de escenas, inserción de títulos e transicións, inserción de banda sonora e narracións, etc.
- 3.- **Exportación do vídeo.** Gravación do traballo nun ficheiro único. Pódese almacenar no ordenador ou gardar en CD ou DVD.

EDICIÓN DE VIDEO. LINUX UBUNTU. OPENSOT

OpenShot Video Editor é un programa deseñado para crear vídeos en Linux. Pode combinar facilmente nun proxecto varios clips de vídeo, audio e imaxes para exportar o vídeo resultante á maioría dos formatos comúns. OpenShot é un editor que pode acceder a calquer fotograma de vídeo en calquer momento, polo que as secuencias de vídeo pódense superpor, misturar, e ordenar de maneira creativa. Podemos usar OpenShot para crear presentacións de diapositivas,



editar vídeos caseiros, crear anuncios de televisión e películas.

Paso 1 - Importar Fotos e Música

Antes de facer o noso vídeo necesitamos importar arquivos a OpenShot. Arrastra e solta algunhas imaxes (*.JPG, *.PNG, etc...) e un arquivo de música (a maioría de formatos deben funcionar) dende o teu escritorio ata OpenShot Video Editor.

Paso 2 - Organiza as fotos na liña de tempo

Despois de importar algúns arquivos, o seguinte paso é engadilos á liña de tempo e organízalos. Pulsa sobre cada foto (unha á vez), e arrástraas asa a Pista 2 na liña de tempo.

Paso 3 - Engade música á liña de tempo

Para facer o noso pase de diapositivas máis interesante necesitamos engadir algo de música. Deberías importar un arquivo de música no Paso 1. Pulsa sobre o arquivo de música e arrástrao ata a Pista 1 na liña de tempo.

Paso 4 - Previsualiza o teu Proxecto

Para previsualizar como se ve e se oe o noso vídeo, presiona o botón Play baixo a ventá de previsualización. Presiona de novo o botón Play para pausar o vídeo.

Paso 5 - Exporta o teu vídeo

Cando remates o teu vídeo, o seguinte paso será exportalo. Isto convertirá o teu proxecto de OpenShot nun arquivo de vídeo que podería reproducirse en calquer reproductor multimedia de Linux ou sitios web. Presiona sobre o icono Exportar Vídeo na parte superior da pantalla (ou utiliza o menú Archivo > Exportar vídeo...). Elixo unha das moitas opcións de exportación preconfiguradas, e fai clic no botón Exportar Vídeo.